



A agresión ao menor de Boiro, tratada con "morbo" nos medios

. EFE

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) manifestou onte a súa "preocupación" pola difusión morbosa nos medios de comunicación de imaxes como as que esta semana recolleron a agresión dun menor en Boiro.

Segundo sinalou o CPXG, debería "abrirse unha reflexión sobre este asunto" motivada pola "natureza do caso", no que están implicados menores de idade, "a brutalidade dos feitos" e tendo en conta a circunstancia de que a gravación "se levou a cabo coa vontade deliberada de darlle difusión".

O CPXG informou da súa decisión de encargar ao seu Observatorio dos Medios a elaboración dun informe sobre esta cuestión a partir do que pretende "facer unha reflexión sobre como debe o xornalismo facerlle fronte a esta clase de fenómenos".